


7 DE ABRIL

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE



Cartel Gañador II Certame debuxos saudables de Moraña.

MAURO JAMARDO SANTANA- 2ºEP

Exposición debuxos do II CERTAME DE DEBUXOS SAUDABLES de Moraña na Casa de Cultura A.D.R.
Caste

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE

Cada ano, o 7 de abril, a Organización Mundial da Saúde (OMS) celebra en todo o mundo o **DÍA MUNDIAL DA SAÚDE**. Coa celebración deste día preténdese recordar e informar á poboación da importancia de ter hábitos e estilos de vida saudable para así, reducir a incidencia de enfermidades e mellorar a nosa saúde física, psicolóxica e social. De igual xeito, cada ano, a OMS pon o acento nalgún aspecto concreto da saúde. Este ano 2018 intenta resaltar a importancia da “Saúde para todos/as”, é dicir, da cobertura sanitaria universal (CSU). Para así, garantir que todas as persoas, en calquer lugar do mundo, poidan ter acceso a servizos de saúde esenciais e de calidade, sen ter que pasar apuros económicos.

A Cobertura Sanitaria Universal é imprescindible en todas as sociedades xa que, non só mellora a saúde das persoas e a súa calidade de vida, senón que tamén protexe aos países de epidemias, reduce a pobreza, os riscos de pasar fame, crea empregos, impulsa o crecemento económico e promove a igualdade.

A continuación, propoñémosvos un xogo co que repasar os vosos hábitos saudables.

- Sabedes cales dos seguintes hábitos son bos para a vosa saúde? Rodeádeos.

ALIMENTACIÓN EQUILIBRADA

LAMBETADAS

DEPORTE

AUTOESTIMA

VIDA SEDENTARIA

EMOCIÓN

ALCOL

PELEXAS

COOPERACIÓN

TABACO

AUGA

